



Asunto: Formación do Orzamento do ano 2017
Resolución de inicio do expediente

DECRETO

En virtude da Resolución da Alcaldía de data 19 de xuño de 2015 sobre as Delegacións de competencias, o Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda ten a encomenda da elaboración do anteproxecto dos Orzamentos, polo que, seguindo instrucións da Alcaldía Presidencia, iníciase a formación do proxecto de orzamento do ano 2017.

Como antecedentes máis inmediatos, o Concello remitiu nos prazos establecidos o Marco orzamentario de medio prazo 2017-2019, asinado o 8 de marzo de 2016. Así mesmo, con data 30 de agosto de 2016, foron notificadas ao Ministerio de Hacienda e Administraciones Públicas, MINHAP as liñas fundamentais do orzamento do ano 2016.

En relación co cumprimento do mandato, ao amparo da Resolución do Sr. Concelleiro Delegado da Área de Xestión Municipal, Persoal e Contratación de data 25/02/2016, encoméndase ao técnico que ten ao seu cargo a formación técnica do orzamento, que elabore os documentos para a tramitación do anteproxecto do orzamento do ano 2017, axustando o mesmo ao marco orzamentario e as liñas fundamentais do orzamento do ano 2017 contidas nos expedientes 34/142 e 37/142 respectivamente.

O documento técnico terá que respectar os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de gasto non financeiro aos efectos de dar cumprimento aos obxectivos de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

Formúlese proposta para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local.

En consecuencia co anterior,

RESOLVO:

Encomendar as funcións antes relacionadas ao funcionario, D. Luís García Álvarez, Tesoureiro e Responsable superior contable e Orzamentación, as tarefas coas asistencias do persoal interno que o requira en cada caso, para a formación do orzamento do ano 2017.

En Vigo á data da sinatura electrónica

O Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda
Jaime Aneiros Pereira



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 08/11/2016 08:48

Páxina 1 de 1

Expediente 38/142

Código de verificación: 23EB4-EA2CB-A2EE2-B4C23

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>